



**CRITERIOS DE REPARTO DAS BOLSAS-COLABORACIÓN
DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL
ENTRE OS DEPARTAMENTOS**

(Última modificación: Comisión de Actividades e Servizos do 19 de febreiro de 2015)

- 1º Seguir os criterios establecidos pola Orde da convocatoria.**
- 2º Se hai máis bolsas que Departamentos solicitantes, darase unha por Departamento.**
- 3º Se sobran bolsas despois de aplicar o criterio anterior ou se hai menos bolsas que Departamentos solicitantes, aplicaranse, conxuntamente, os seguintes criterios:**
 - **Que os catro ámbitos departamentais (Humanidades, Xurídico-Social, Tecnolóxico, e Científico) teñan bolsa.**
 - **Repartir de tal xeito que todos os Campus teñan bolsa.**
 - **Ter en conta a produción científica dos Departamentos segundo o baremo outorgado pola Comisión de Investigación.**
- 4º Na reasignación incorporárase tamén o seguinte criterio:**
 - **Ter en conta as notas medias ponderadas máis altas para asignar prazos. A ponderación será o resultado de dividir a nota media do expediente do alumno entre a nota media da súa titulación, que será a que figure no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A nota media ponderada será facilitada pola Sección de Bolsas da Universidade de Vigo.**